

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, NO CORPO AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO C2, CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 16 DE NOVEMBRO DE 2023 (DOG NÚM. 222, DO 22 DE NOVEMBRO)

Na sesión celebrada o día 16 de decembro de 2024 o tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Resolución do 16 de novembro de 2023 (DOG núm. 222, do 22 de novembro, con corrección de erros no DOG núm. 79, do 22 de abril de 2024) acordou, de conformidade co disposto na base II.1.2.10 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NA CONVOCATORIA

O primeiro exercicio consistirá, segundo a base II.1.1.1 da convocatoria, en contestar por escrito un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, propostas polo tribunal. Este exercicio dividirase en dúas partes:

A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de oitenta (80) preguntas relacionadas co anexo I do programa.

Esta primeira parte do exercicio disporá de cinco (5) preguntas de reserva.

A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de vinte (20) preguntas tipo test, en que as persoas aspirantes poñan de manifesto o coñecemento e manexo do paquete ofimático na contorna de LibreOffice (folla de cálculo, procesador de textos).

Esta segunda parte do exercicio disporá de cinco (5) preguntas de reserva.

Todas as preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento cincuenta (150) minutos, salvo as adaptacións concedidas.

Segundo a base II.1.1.3 da convocatoria, as persoas aspirantes que realizen e superasen o exercicio do proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Orde do 7 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 21, do 31 de xaneiro), cun 60 % da cualificación máxima do correspondente exercicio, poderán quedar exentas da súa realización. Se optan por presentarse a este exercicio, quedará sen efecto o resultado obtido no exercicio da mencionada convocatoria anterior.

DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO E NÚMERO DE PERSOAS APROBADAS

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

Superarán este exercicio as persoas aspirantes que teñan as 520 mellores puntuacións (resultado de multiplicar por catro o número de prazas convocadas) sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 50 %, das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Non obstante, de darse o caso de que o número de aspirantes que acaden o mínimo do 50 % das respostas netas, sexa inferior a 520 (resultado de multiplicar por catro o número de prazas convocadas), superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións, ata acadar a devandita cifra sempre que obtiveran, en cada unha das partes, o mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

A puntuación total de cada aspirante será calculada como a suma das puntuacións obtidas en cada parte.

Todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores, considéranse igualmente aprobadas.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de 30 puntos. Asignarase a valoración de 30 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas declaradas aptas terá unha cualificación distribuída entre os 30 e os 60 puntos, proporcional ao número de respostas correctas.

A versión estable do LibreOffice será a publicada pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal na súa páxina web. As preguntas da segunda parte do cuestionario do primeiro exercicio realizaranse tendo en conta a interface de usuario (galega ou castelán) segundo o idioma seleccionado pola persoa aspirante na súa solicitude.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A presidenta do tribunal

Luz Aguiar Vale

Firmado por LUZ
AGUIAR VALE -
***3116** el día
07/01/2025 con un
certificado

DIRECTORA XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL
Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal